

4. ANÁLISE SECTORIAL

4.1 SECTOR PRIMARIO

A transformación vivida pola sociedade rural e, especialmente, a agraria en Galicia dende a incorporación de España á Unión Europea causou unha fonda transformación do ámbito rural no territorio do GDR – 19. O sector primario caeu dende entón nun estado de recesión en todo o territorio, del que se pode dicir que chegou ao fondo. Analizaranse os diferentes indicadores que amosan esta situación. En xeral o sector primario nos últimos anos descendeu en número de empregados en favor do terciario.

4.1.a. Distribución de usos do solo

A distribución municipal de usos do solo indica que a maior parte da superficie do territorio está destinada a usos forestais: a superficie agraria útil (SAU) coincide coa media provincial (14,7 %).




Ilustración 1: Distribución de usos do solo

No que respecta á superficie forestal, ocupa o 74 % da superficie total do territorio do GDR 19 o que pon de manifesto a importancia do sector forestal na sociedade do territorio tal e como se verá no apartado do sector forestal.


Concello	SAU	Forestal desarborizado	Forestal arborizado	Forestal Total	% SAU/SUP TOTAL	% FORESTAL/ SUP TOTAL
BARRO	738	79	2.654	2.733	19	72
CAMPO LAMEIRO	1.539	830	4.700	5.530	24	87
COTOBADE	724	3808	6.609	10.417	5	77
A LAMA	489	5.145	3.141	8.286	4	74
POIO	1.126	91	2.305	2.396	33	70
PONTE CALDELAS	2.563	1.900	4.808	6.708	29	77
PONTEVEDRA	713	452	6.980	7.432	6	65
VILABOA	713	178	2.463	2.641	19	70
COMARCA PONTEVEDRA	8.605	12.483	33.660	46.143	14	74
BUEU	548	500	1.525	2.025	18	66
CANGAS	663	560	1.686	2.246	17	58
MARÍN	374	205	2.247	2.452	10	67
MOAÑA	358	341	2.177	2.518	10	72
O MORRAZO	1.943	1.606	7.635	9.241	14	65
TOTAL GDR 19	10.548	14.089	41.295	55.384	14	73

Táboa 1 : Distribución municipal por usos do chan. Fonte. Anuario de estatística Agraria 2004

Segundo os datos da táboa anterior, o concello cunha maior porcentaxe de superficie adicada á agricultura resulta ser Poio (32%), mentres que A Lama é o concello que presenta menor SAU con simplemente o 5,5%.

Sen embargo, segundo datos inéditos do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA) esta situación cambiou co paso do tempo e actualmente é Barro o Concello que presenta unha maior SAU con respecto a superficie total do Concello. Séguenlle moi de preto os concellos de Bueu e Cangas. Hai que ter en conta que Barro é o único concello do territorio con Denominación de Orixe Rías Baixas, polo que, este incremento posiblemente sexa debido a que aumentou a superficie dedicada ao viñedo, que representa o 20% da superficie de viñedo no total do territorio.

Porcentaxe de SAU respecto ao total de cada concello



Fonte. Elaboración propia a partir de datos inéditos do SITGA.

4.1.b. Distribución por cultivos, aproveitamento das terras de cultivo.

Na Comarca de Pontevedra predominan as terras adicadas a produción de prados, pasteiras e pasteiros arbustivos, relacionadas cun menor esforzo e dedicación de traballo. Sen embargo, no Morrazo predominan, con respecto a Comarca de Pontevedra, as terras adicadas a cultivos leñosos seguido de cultivos herbáceos.





Ilustración 2: Distribución das terras de cultivo Fonte: Anuario Estatística Agraria 2004.

Respecto a distribución dos principais grupos de cultivos por comarcas, cómpre subliñar o peso do viñedo que conta con máis do 40% de superficie en cada unha das comarcas, debido á tradición colleiteira que hai no territorio. O seguinte grupo de cultivo que destaca é o de cereais gran, formado por trigo, centeo e millo gran, seguido do grupo de froiteiras e tubérculos, tendo en conta que neste último grupo unicamente está representado pola pataca.

Os cultivos forraxeiros son o sexto grupo de cultivo en importancia e inclúe ao millo forraxeiro e a pradeira; ambos cultivos son totalmente adicados ao autoconsumo ou reemprego. Por último están as leguminosas gran, principalmente feixón seco e, finalmente, o castiñeiro.



Fonte: Anuario Estatística Agraria 2004.

A continuación recóllense as principais producións hortícolas e florícolas na provincia de Pontevedra. Se se comparan os datos de superficie de cultivo dedicados a produción hortícola e florícola na Comarca de Pontevedra e do Morrazo con respecto ao total da provincia, vemos que representa o 4% e 9%, respectivamente.

PRINCIPAIS PRODUÇÕES HORTÍCOLAS 2004		
PRODUTO	Provincia Pontevedra	
	ha	t
Tomate	384	11.288
Leituga	185	4.456
Pemento	443	10.632
Cebola	236	9.652
Xudía verde	556	12.232
Repolo	307	12.126
TOTAL	2.111	60.386
PRINCIPAIS PRODUÇÕES FLORÍCOLAS 2004		
Caravel	384	11.288
Rosa	185	4.456
Outras	443	10.632
TOTAL	1.012	26.376

Táboa 2: Principais producións hortícolas e florícolas. Fonte: Anuario Estatística Agraria 2004.

4.1.c. Número de explotacións agrícolas segundo superficie total

O número total de explotacións no territorio do GDR 19 é 11.278 a práctica totalidade delas, agás os montes veciñais teñen unha superficie inferior ás 5 ha., o que pon de manifesto o minifundismo que caracteriza o territorio.

Na Táboa 3 distribúense as explotacións agrarias en función da súa extensión e da superficie total utilizada.

	Explotacións con terras	>=0,1 a <5	>=5 a <10	>=10 a <20	>=20 a <50	>=50
Barro	746	702	35	2	2	5
Campo Lameiro	479	423	21	4	6	25
Cotobade	798	767	18	1	0	12
Lama, A	887	846	29	1	1	10
Ponte Caldelas	1174	1127	17	0	2	28
Poio	567	560	2	0	0	5
Pontevedra	2758	2729	8	3	2	16
Vilaboa	650	641	4	0	0	5
Bueu	824	811	8	1	1	3
Cangas	779	772	3	0	0	4
Marín	922	892	25	1	1	3

	Explotacións con terras	>=0,1 a <5	>=5 a <10	>=10 a <20	>=20 a <50	>=50
Moaña	694	691	0	0	0	3

Táboa 3 Número de explotacións agrícolas segundo a superficie Fonte: INE Censo Agrario 1999

4.1.d. Parcelas incluídas no Banco de Terras de Galicia

De todo o territorio o único concello que ten parcelas incluídas no Banco de Terras de Galicia, ata o de agora, é Cotobade. Son un total de 12 parcelas situadas todas na parroquia de Viascón e suman un total de 10.220 m². Isto reflicte o pouco movemento de terras que hai no territorio con fins agrarios.

Localización	Data	Superficie	Usos de solo	Prezo
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	13/05/2008	1.064 m ² (0,11 ha)	improdutivos: 1.064 m ² (0,11 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	13/05/2008	544 m ² (0,05 ha)	forestal arbolado: 282 m ² (0,03 ha) pasteiro: 261 m ² (0,03 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	18/01/2008	1.426 m ² (0,14 ha)	forestal arbolado: 1.051 m ² (0,11 ha) prados e pradeiras: 374 m ² (0,04 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	380 m ² (0,04 ha)	forestal arbolado: 380 m ² (0,04 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	489 m ² (0,05 ha)	pasteiro: 489 m ² (0,05 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	755 m ² (0,08 ha)	forestal arbolado: 755 m ² (0,08 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	768 m ² (0,08 ha)	forestal arbolado: 768 m ² (0,08 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	2.557 m ² (0,26 ha)	forestal arbolado: 1.699 m ² (0,17 ha) prados e pradeiras: 858 m ² (0,09 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	479 m ² (0,05 ha)	improdutivos: 28 m ² (0 ha) prados e pradeiras: 451 m ² (0,05 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	1.030 m ² (0,1 ha)	forestal arbolado: 1.030 m ² (0,1 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra Viascón (Santiago)	28/12/2007	247 m ² (0,02 ha)	forestal arbolado: 247 m ² (0,02 ha)	20 (euros anuais)
Cotobade - Pontevedra	28/12/2007	481 m ²	prados e pradeiras: 481 m ² (0,05 ha)	20 (euros anuais)

Fonte. www.bantegal.com

4.1.c. Sector gandeiro

Desde sempre, e como consecuencia lóxica das condicións naturais de clima e chan, a gandería tivo unha gran incidencia, tanto económica como social, en Galicia, cun claro predomino sobre a agricultura. Isto vese tanto na utilización das superficies

produtivas polas dúas actividades, como polos resultados económicos de cada unha delas.

Dentro do gandería a nivel de Galicia hai que destacar tres conxuntos:


1. As **PRODUCCIÓNS BOVINAS**. Constitúen o núcleo básico da agricultura galega, reforzadas nos últimos anos. No ano 2003 xeraban o 68,3% da produción gandeira (46,0% leite e 22% carne).
2. **GANDERÍA SEN TERRAS**: porcino, carne de aves, ovos e carne de coellos, que representan unha segunda liña importante de especialización, e despois do declive na década de integración europea tenden a estabilizarse na 2ª metade dos 90 (a súa contribución global á produción gandeira no ano 2003 foi do 30%).
3. Especies máis **EXTENSIVAS**: ovino e caprino, que se manteñen como marxinais, achegando entre ambas ao redor do 1% da produción gandeira.

Se estudiamos as unidades gandeiras por especies nos distintos concellos, tal e como se recolle na seguinte táboa, vese un predominio no territorio das explotacións de aves, seguidas do gando bovino e do equino.

	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas nais
Barro	240	116	5	328	62	1.031	11
Campo Lameiro	392	70	20	176	93	2.020	4
Cotobade	778	117	21	169	294	365	6
Lama, A	835	84	3	86	660	51	4
Ponte Caldelas	359	225	24	107	156	353	5
Poio	61	28	3	187	18	695	5
Pontevedra	488	204	15	293	174	15.707	23
Vilaboa	120	26	2	219	49	63	16
Bueu	13	3	1	96	87	84	11
Cangas	14	9	4	39	90	367	19
Marín	107	30	5	98	170	110	6
Moaña	53	8	1	49	59	77	67
Total GDR 19	3.460	920	104	1.847	1.912	20.923	177

Táboa 4: Número de unidades gandeiras nas explotacións. Fonte. I.N.E. Censo Agrario 1999.

Ó estudar as especies por concello, os concellos do interior do territorio, concretamente A lama e Cotobade, son os que contan cun maior número de ovinos, representando o 24,1% e 22,5%, respectivamente. Nos ovinos e caprinos o concello que destaca é Ponte Caldelas, contando có 4,5% no caso dos ovellas e o 23,1% no das cabras. No porcino, Barro cun 17,8% é o concello que destaca. Na especie equina, A Lama é o concello que máis sobresaie cun 34,5%. A importancia de Pontevedra en canto a unidades de gando nas aves é destacable, xa que conta co 75% do territorio. Por último, nas coellas nais Moaña conta co 39,7% das existentes no territorio, segundo o Censo Agrario do 99.



Táboa 5: Fonte INE Censo Agrario 1999.

Sector bovino




Analizando os datos recollidos no Anuario de Estatística Agrario do 2004 do número de explotación de gando bovino e o número de vacas por concello, vemos que o Concello de A Lama segue sendo o que conta con máis número total de vacas, seguido de Cotobade.

	Nº de explotacións		Nº de vacas			Vacas por explotación
	Explotac. de vacún	Explotac. con vacas	Vacas de leite	Vacas carne	Total vacas	
Barro	123	48	23	38	61	1,3
Bueu	57	4	1	3	4	1
Campo	192	163	96	215	311	1,9
Cangas	22	2	1	1	2	1
Cotobade	300	256	149	564	713	2,8
Lama, A	144	137	46	1018	1064	7,8
Marín	259	34	24	22	46	1,4
Moaña	46	12	10	12	22	1,8
Poio	115	11	4	8	12	1,1
Ponte	154	101	23	260	283	2,8
Pontevedra	562	182	73	177	250	1,4
Vilaboa	177	55	24	53	77	1,4
Provincia Pontevedra	15.528	9.970	48.277	19.980	68.257	6,8

Táboa 6: Efectivos gandeiros de bovinos por concello s. Fonte. Anuario de Estatística Agraria 2004

No territorio, o número de vacas por explotación no concello de A Lama está por riba da media da provincia de Pontevedra. Cotobade, Ponte Caldelas e Campo Lameiro son os seguintes concellos con maior número de vacas por explotación, aínda que xa moi alonxado da media provincial. No resto dos concellos o escaso número de vacas por explotación pon de manifesto unha gandería familiar, nas que o que predomina é o autoconsumo. O que tamén se pode extraer destes datos é que en todo o territorio hai un claro predominio do vacún de carne con respecto ao de leite

Nos seguintes gráficos se presentan os datos da evolución temporal do número de explotacións de bovinos, así coma, o número de vacas (de carne e de leite) e o número de outros bovinos (becerros e xovencas) por concello.



Fonte. I.G.E.

De xeito xeral pódese afirmar que o número de explotacións e tamén de bovinos aumenta ata o ano 2003 para despois diminuír ou manterse igual en todos os concellos, o que reflicta a tendencia á desaparición da gandería familiar en favor de explotacións de maior tamaño e maior rendabilidade.

Nos concellos do Morrazo o número de vacas é inferior ao de outros bovinos, o que reflicta a presenza de becerros e xovencas que se sacrifican.

Sector porcino

En canto ao sector porcino, tal que como se acaba de ver nos datos do censo Agrario do 99, Barro é o concello que destaca neste sector, o cal se conforma cos datos recollidos na seguinte táboa pertencentes ao AEA 2004. No resto dos concellos, salvo en Campo Lameiro, Poio e Vilaboa, a presenza é nula, se ben hai que destacar que estes datos corresponden á distribución de prazas do sector industrial e non se inclúen aquí as prazas do sector familiar.

	Prazas de reprodutoras	Prazas de cebo
Barro	110	20
Campo Lameiro	130	0
Cotobade	0	0
Lama, A	0	0
Ponte Caldelas	0	0
Poio	130	0
Pontevedra	0	0
Vilaboa	75	0
Bueu	0	0
Cangas	0	0
Marín	0	0
Moaña	0	0

Táboa 7: número de prazas de reprodutoras e de cebo do sector porcino. Fonte. AEA 2004.

4.1.c. Estudio económico do sector agrogandeiro

Neste apartado estúdase a evolución do número de traballadores en empresas con actividade económica agrogandeira e tamén se realiza unha clasificación das industrias agroalimentarias por concellos.

Traballadores do sector agrario.

Na seguinte táboa se recolle a evolución do número de traballadores en empresas con CNAE (Código Nacional de Actividade Económica) A, agricultura, gandería caza e silvicultura, dos concellos que presentaban esta actividade entre as dez que contaban maior número de traballadores en xeral.

	Ano 1999	Ano 2000	Ano 2001	Ano 2002	Ano 2003	Ano 2004	Ano 2005	Ano 2006	Ano 2007
Barro	81	85	90	87	87	88,33	85,42	76,08	79,75
Campo Lameiro	85	78	77	72	76	71,33	66,92	59,83	56
Cotobade	402	127	133	129	130	129,17	126,25	139,08	135,75
Lama, A	104	122	137	136	139	134,67	126,42	137,5	135,33
Ponte Caldelas	114	124	127	116	128	129,17	116,75	113,75	104,5
Poio	84	76	73	65	65	-			
Pontevedra	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vilaboa	53	50	53	44	49	-	-	-	-
Bueu	51	60	54	50	55	56,75	56	61,42	62,83
Cangas	66	78	67	42	41	-	-	-	-
Marín	77	73	78	72	81	-	-	-	-
Moaña	70	69	65	63	65	-	-	-	-


Táboa 8: Evolución do número de traballadores de agricultura, gandaría, caza e silvicultura. (-) Sen dato.

Fonte: Consellería de Traballo. Instituto Galego de Cualificacións.

Como se pode observar hai unha tendencia a diminución do número de traballadores neste sector en tódolos concellos co paso do tempo.

Empresas de Industria de produtos alimenticios e bebidas no ano 2007.

No seguinte gráfico recóllese o número de empresas de industria de produtos alimenticios e bebidas por concellos. En ningún dos concellos se rexistran empresas de fabricación de produtos para a alimentación animal



Fonte: IGE

O 38% das empresas de industrias de produtos alimenticios e bebidas se concentra en Pontevedra, seguido dos concellos de Marín, Cangas e Moaña cun 12%, 11% e 10% respectivamente.

Destaca o número de empresas de fabricación de outros produtos alimenticios, seguido polo de elaboración e conservación de peixes e produtos a base de peixe, moi presentes no Morrazo onde o sector pesqueiro ten maior importancia.

Actividades económicas con crecemento sostido de empresas ao longo dos tres últimos anos.

Segundo datos do Informe de Mercado do Instituto Galego das Cualificacións, soamente os Concellos de Cangas, Marín e Vilaboa presenta un crecemento sostido de empresas con actividade económica relacionada coa agricultura, gandería, caza e silvicultura ao longo dos tres últimos anos, tal e como se pode observar na seguinte táboa.

CANGAS		MARÍN		VILABOA	
CNAE	DESCRICIÓN	CNAE	DESCRICIÓN	CNAE	DESCRICIÓN
A	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	A	Agricultura, gandería, caza e silvicultura	A	Agricultura, gandería, caza e silvicultura
D	Industria manufactureira	F	Construción	D	Industria manufactureira
G	Comerc., reparac. vehic. a motor, motocicl. e art.persoal	I	Transporte, almacenamento e comunicacións	G	Comerc., reparac. vehic. a motor, motocicl. e art.persoal
H	Hostalería	K	Actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresar.	H	Hostalería
I	Transporte, almacenamento e comunicacións			I	Transporte, almacenamento e comunicacións
K	Actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresar.			K	Actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresar.
O	Outras activid. sociais e de serv. prestados			N	Actividades sanitarias e veterinarias,

CANGAS		MARÍN		VILABOA	
CNAE	DESCRICIÓN	CNAE	DESCRICIÓN	CNAE	DESCRICIÓN
	á comunidade				servizos sociais

Táboa 9: Actividades económicas con crecemento sostido de empresas entre o 2004-2007. Fonte: Consellería de Traballo. Instituto Galego de Cualificacións

Produtos Galegos de Calidade do sector agrogandeiro

En Galicia existen dezanove selos de calidade que distinguen os produtos agroalimentarios galegos pola súa orixe, sabor e salubridade. No territorio que nos ocupa atopamos as seguintes empresas segundo os datos dos distintos consellos reguladores.

Denominación de Orixe Rías Baixas

Existen dúas adegas con D.O. Rías Baixas, Eira Lar e S. COOP. Viña Moraima situadas en Barro que é o único Concello do territorio que conta con D.O. Rías Baixas.

Denominación Xeográfica de Augardente e Licores Tradicionais de Galicia.

Mieles Outeda, con sede no Concello de Poio, é a única empresa do territorio inscrita no C. R. D. X. Augardente e Licores de Galicia.

Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia

No territorio existen dous produtores inscritos no C. R. I. X un en Ponte Caldelas e Mieles Outeda en Poio.

Indicación Xeográfica Protexida "Ternera Gallega"

En Pontevedra consta una industria alimentaria inscrita en el C.R.I.X.P. de “Ternera Gallega”.

Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Segundo datos do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, no territorio do GDR 19 hai 2 produtores de kiwi en ecolóxico, un no Concello de Poio e outro no de Pontevedra. Neste último concello tamén hai un produtor de mazá en ecolóxico. Na especialidade de panificación e pastas alimentarias consta Carrefour S.L.U. tamén en Pontevedra e a empresa Hifas da Terra que aparece rexistrada en tres especialidades, na de bosque e recollida silvestre con cogumelos e castañas, na de sementes e viveiros con castiñeiros e na de outros con inóculos.

4.1.d. Sector Forestal

Dos preto de tres millóns de ha (2.957.447 ha) que constitúen o territorio xeográfico da comunidade autónoma galega, aproximadamente o 69%, é dicir uns 2 millóns de ha corresponden a terreos rústicos con vocación forestal.


Ademais segundo datos da publicación “O Bosque Avanza” da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, a superficie de bosque galega, incrementouse máis do 34% nos últimos 10 anos, aumentando o número de árbores en máis 40% no mesmo período. Estes datos xerais do conxunto da nación teñen o seu traslado ao territorio do GDR 19 inda que os efectos da vaga de lumes do 2006 contrarrestaron en grande medida a recuperación da vexetación arbórea que se tiña producido nos anos anteriores.

Distribución da superficie forestal por concellos


No territorio do GDR 19 a situación é moi parecida a do total de Galicia, cóntase con 55.382 ha de superficie forestal, das que 9.241 pertencen ao Morrazo e as 46.143 restantes á Comarca de Pontevedra.

Segundo os datos do AEA 2004 recollidos nos seguintes gráficos, A Lama é o Concello que presenta unha porcentaxe máis alta de superficie forestal con respecto á total dos concellos, aínda que hai que ter en conta que máis da metade de esta superficie está desarborizada.

Porcentaxe de superficie forestal respecto ao total de cada concello



Porcentaxe de superficie forestal desarborizada e arborizada



No territorio cóntase cunha media de 5,7 habitantes por cada hectárea de superficie forestal arbolada. Os datos por concellos se presentan na seguinte táboa.

Concello	Habitantes/ Sup. Fores. Arborizada
Barro	1,3
Campo Lameiro	0,5
Cotobade	0,7
Lama, A	1
Ponte Caldelas	1,4
Poio	6,6
Pontevedra	11,5
Vilaboa	2,4
Bueu	8,2
Cangas	14,9
Marín	11,7
Moaña	8,5

**Táboa 10: Número de habitantes por superficie forestal arborizada. Fonte.
Elaboración propia**

Réxime e estrutura da propiedade


Unha das características do monte galego é que a propiedade é maioritariamente privada, e en torno ao 30% dos terreos forestais son montes veciñais en man común (MVMC) e tan só o 2% pertencen a entes públicos (Xunta de Galicia. O Monte en cifras). A Táboa 11 recolle o réxime de propiedade dos concellos do territorio baseándose a situación porcentual no terceiro Inventario Forestal Nacional.

Concello	Monte privado		Montes veciñais	
	ha	%	ha	%
Barro	1.227,50	32,6	1310,5	34,84

Concello	Monte privado		Montes veciñais	
	ha	%	ha	%
Campo Lameiro	1.706,40	26,8	3648,8	57,25
Cotobade	3.469,30	25,8	7851,9	58,34
Lama, A	2.634,50	23,6	7734,2	69,25
Ponte Caldelas	2.941,10	33,8	4212,2	48,46
Poio	851,7	25,1	1274,7	37,6
Pontevedra	3.855,30	32,6	2814,5	23,8
Vilaboa	1.292,60	35,1	1142,6	31,01
Bueu	1.574,40	59,7	0,8	0,03
Cangas	1.358,10	35,7	890	23,41
Marín	1.037,40	28,5	1079,4	29,62
Moaña	779,7	22,2	1576,2	44,97
Total	22.728,00		33.535,80	

Táboa 11 : Réxime da propiedade forestal. Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Distrito XIX.

O territorio conta con 165 montes veciñais repartidos por concellos tal e como se reflexa na gráfica.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da páx web da Consellería de Medio Rural

Do total dos montes veciñais unicamente 23 – 4.867 ha. - contan con proxecto de ordenación, documento que debe orientar a xestión do monte

Concello	Nome	Superficie (ha)	Tipo	Data
Barro	Perdecanaí	398	P.O.	02/05/2000
Campo Lameiro	Coto de Xesta e Batán	171	P.T.X.	30/04/2004
Campo Lameiro	Outeiro Sordo, Lagoa e Debesa	188	P.T.X.	30/04/2004
Cangas	Montes de Darbo	163	P.O.	23/03/2004
Cotobade	Viascón	473	P.T.X.	07/11/2000
Marín	Montes de Ardan	85	P.T.X.	14/04/2005
Poio	San Xoán de Poio	615	P.O.	05/11/2001
Ponte Caldelas	Montes de Lagioso	322	P.O.	23/03/2004
Ponte Caldelas	Montes de Taboadelo	242	P.O.	23/03/2004
Ponte Caldelas	Montes de Paradela	112	P.O.	23/03/2004

Concello	Nome	Superficie (ha)	Tipo	Data
Ponte Caldelas	Montes de Gradín	82	P.O.	24/03/2004
Ponte Caldelas	Baltar	272	P.T.X.	29/04/2004
Ponte Caldelas	Monte Insua (Comunidade Insua)	149	P.T.X.	29/04/2004
Ponte Caldelas	Salgueiras	178	P.O.	14/04/2005
Pontevedra	Montes de Tomeza	73	P.O.	16/12/2004
Pontevedra	Salgueiral	98	P.O.	16/12/2004
Pontevedra	Montes de Santa María de Xeve	393	P.O.	26/01/2005
Pontevedra	Marcón	266	P.O.	26/01/2005
Pontevedra	Lourizán	40	P.O.	26/01/2005
Pontevedra	Mourente	38	P.O.	26/01/2005
Pontevedra	Castro Ou Lampán	15	P.O.	26/01/2005
Pontevedra	Montes de Lerez	87	P.O.	26/01/2005
Pontevedra	San Andrés de Xeve	407	P.O.	26/01/2005

Táboa 12: Montes suxeitos a proxecto de ordenación ou plan técnico de xestión. Fonte: Consellería de Medio Rural.

Aproveitamento forestal

A produción de madeira é a principal achega do sector forestal. No tocante aos montes particulares debido a súa escasa superficie media, a explotación da madeira é levada por pequenas empresas que logo venden o produto ás grandes (FINSA, TAFISA, ENCE), ou a aserradeiros.

Con respecto aos montes veciñais conveniados coa administración a madeira véndese mediante tres tipos de procedementos: adxudicación directa (pequenos lotes < 6000 m²), procedemento negociado (lotes afectados por incendios pragas, etc. o nos que se vaian a realizar claras < 30.000 m²) e subasta pública (todo tipo de lotes).

As cortas de madeira, por especie arbórea, na provincia de Pontevedra (Táboa 13), corresponden nun o 56% a frondosas (eucalipto)

ESPECIE	PONTEVEDRA	
	m ³	%
P. silvestre	2.463	0,81%
P. pinaster	93.145	30,60%
P. radiata	26.831	8,82%
Outras coníferas	10.579	3,48%
Total Coníferas	133.018	43,71%
Bidueiro	161	0,05%
Castiñeiro	295	0,10%
Carballo	2.899	0,95%
Eucalipto	154.980	50,92%
Outras frondosas	12.996	4,27%
Total Frondosas	171.331	56,29%
TOTAL MADEIRA	304.349	

Táboa 13: Cortas de madeira por especie arbórea. Fonte. AEA 2004.

En canto ao destino industrial da madeira por grupos de especie, na provincia de Pontevedra as coníferas son destinadas principalmente para fabricación de tableiros e para trituración, mentres que as frondosas son adicadas á pasta.

Destino Industrial	PONTEVEDRA	
	Conífera	Frondosa
Serra e travesas	37.245	22.615
Chapas	6.385	1.508
Total toros	43.630	24.123
Tableiros	60.656	7.538


Destino Industrial	PONTEVEDRA	
	Conífera	Froncosa
Pasta	0	113.078
Total trituración	60.656	120.616
Redondos	0	3.015
Outros	2.128	3.017
TOTAL	106.414	150.771

Táboa 14: Destino da madeira por grupos de especie. Fonte: AEA 2004.

A superficie forestal do territorio representa o 21 % do da provincia de Pontevedra.

Empresas de Industrias da madeira e da cortiza no ano 2007.

No seguinte gráfico recóllese por concellos os distintos tipos de industrias da madeira e da cortiza que contan con algunha empresa no 2007.



Fonte IGE

En Pontevedra se concentra o 35% destas empresas, seguido de Cangas có 10% e o 8% en Marín, Moaña, Poio e Ponte Caldelas. Pola contra, o Concello de A Lama non conta con ningunha empresa relacionada con este sector, a pesar de que é o Concello que conta cunha maior superficie forestal.

4.1.e. Sector pesqueiro

O sector pesqueiro, que engloba todas as actividades relacionadas coa pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, continúa sendo un dos primeiros axentes na economía galega e, en particular, do territorio do GDR 19. Ademais da facturación directa que proporciona, esta actividade estimula o funcionamento doutros moitos axentes económicos identificados en toda Galicia como, por exemplo, a industria conserveira, os astaleiros ou o comercio.

A flota pesqueira con porto base en Galicia é a mais importante de todas as comunidades europeas e a maior do país, xa que posúe case a metade dos pesqueiros abandeirados en España e máis do 30% da suma da potencia dos motores.

A situación xeográfica dos municipios litorais (Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio e Vilaboa), confírenlles unhas características especiais no referente ás actividades pesqueiras e marisqueiras. As rías de Pontevedra e Vigo, constitúen uns importantes ecosistemas de grande riqueza ecolóxica e fertilidade natural que é a causa máis directa da alta produtividade potencial da zona.

As elevadas capturas de moluscos, bivalvos e peixes unida ás condicións favorables para a instalación de portos naturais, explica o feito de que estas rías, xunto coa de Arousa, estivesen sempre á cabeza na economía pesqueira autonómica.

Vendas e capturas nas lonxas

No territorio os puntos de venda máis importantes, segundo os datos extraídos da páx. Web da Consellería e Pesca e Asuntos Marítimos, son os seguintes:

- Lonxa de Bueu.
- Loxa de Cangas.
- Pescados Touza no porto de Marín.
- Cooperativa San Miguel, no porto de Marín.
- Mercado de Pontevedra.
- Lonxa de Vilaboa.

Ademais destes puntos de venda tamén existen, aínda que de menor importancia, a lonxa de Aldán-Hío en Cangas e a de Campelo e Raxó en Poio. Hai que destacar que as lonxas da Ría de Vigo vense en grade medida eclipsada pola lonxa de Vigo.

Na seguinte táboa preséntanse os datos de vendas en kilos, así coma, o seu importe medio no período 2003-2007. Neste espazo de tempo se comercializaron cerca de vintecinco millóns de quilos de todas as especies por un importe de case noventa e un millóns de euros, sendo o prezo medio de quilo de produto comercializado de 6,7 €. Todo isto da mostra da importancia deste sector no territorio.

Táboa. Vendas nas lonxas en kg e €.

	Lonxa	Bueu	Cangas	Marín (Pesc Touza)	Marín (San Miguel)	Moaña	Pontevedra (Merc.)	Vilaboa	Total
2003	Quilos	562.231,8	232.916,1	1.105.157,2	2.908.855,6	145.725,6	65.675,7	-	5.020.562,1
	Importe €	3.402.878,6	2.071.158,4	2.870.976,6	7.381.314,0	1.076.782,6	746.157,9	-	17.549.268,0
	Medio €/Kg	6,1	8,9	2,6	2,5	7,4	11,4	-	
2004	Quilos	796.005,8	448.046,8	1.108.841,5	3.807.696,5	146.406,0	67.192,6	-	6.374.189,2
	Importe €	4.774.834,7	3.204.190,7	3.258.009,1	9.612.232,8	1.244.050,1	865.610,6	-	22.958.928,1
	Medio €/Kg	6,0	7,2	2,9	2,5	8,5	12,9	-	
2005	Quilos	663.546,7	348.498,3	937.101,9	2.731.170,3	155.202,9	63.048,9	-	4.898.568,9
	Importe €	3.183.702,3	2.810.617,7	3.102.692,7	7.424.711,3	1.230.335,0	770.374,0	-	18.522.432,9
	Medio €/Kg	4,8	8,1	3,3	2,7	7,9	12,2	-	
2006	Quilos	696.425,2	367.292,6	1.113.621,8	1.522.503,3	221.758,9	43.903,1	63.859,5	4.029.364,2

	Lonxa	Bueu	Cangas	Marín (Pesc Touza)	Marín (San Miguel)	Moaña	Pontevedra (Merc.)	Vilaboia	Total
2007	Importe €	2.819.427,5	2.981.684,9	3.232.949,6	3.327.705,6	1.964.661,3	577.481,8	533.913,1	15.437.823,8
	Medio €/Kg	4,1	8,1	2,9	2,2	8,9	13,2	8,4	
	Quilos	870.175,2	441.853,3	1.102.509,7	1.827.524,3	264.967,5	28.263,7	80.079,5	4.615.373,1
	Importe €	3.354.787,7	3.523.824,3	3.160.905,2	3.198.198,3	2.165.726,0	497.429,4	613.327,4	16.514.198,3
	Medio €/Kg	3,9	8,0	2,9	1,8	8,2	17,6	7,7	

Fonte: www.pescadegalicia.com

A continuación se recollen as dez especies máis vendidas nas distintas lonxas do territorio durante o 2007 .

Táboa. Especies máis vendidas no 2007 .

Aldán-Hío	Bueu	Campelo	Cangas	Marín (Pescados Touza)	Marín (San Miguel)	Moaña	Pontevedra	Vilaboia
Polbo	Polbo	Berberecho	Percebe	Xuliana	Xuliana	Ameixa xaponesa	Camarón común	Ameixa xaponesa
Navalla	Percebe	Ameixa xaponesa	Navalla	Rapantes	Rapantes	Ameixa babosa	Centola	Ameixa fina
Ameixa rubia	Navalla	Ameixa fina	Ameixa babosa	Pescada	Pescada	Ameixa fina	Nécora	Berberecho
Nécora	Ameixa rubia	Ameixa babosa	Ameixa rubia	Cigala	Cigala	Ameixa rubia	Choco	Ameixa babosa
Choco	Xurelo	Ameixa rubia	Volandeira	Polbo cabezón	Xurelo	Berberecho	Percebe	Ameixa rubia
Camarón común	Ameixa babosa	Ameixa bicuda	Ourizo	Navalla	Xarda	Navalla	Polbo	Carneiro
Ameixa xaponesa	Sardiña	Cornicha	Polbo	Peixes mariños nep	Polbo cabezón	Carneiro	Lura	Miñoa de tubo
Centola	Xarda	Carneiro	Nécora	Linguado	Sardiña	Volandeira	Linguado	Bicho
Mexilla	Centola	Ostra plana	Longueirón	Faneca	Choco	Longueirón vello	Rodaballo	Miñoa de area
Lura	Choco	Navalla	Ameixa xaponesa	Lirio	Lirio		Raias	

Fonte: www.pescadegalicia.com

En Aldán-Hío a especie máis vendida é o polbo, que supón o 45% das vendas no 2007 e o 51% das capturas neste ano. En Bueu tamén é o polbo a especie máis vendida, representando o 30,7% das vendas e o 21% das capturas. En Campelo a venda de berberecho correspóndese con 34,5% e co 53,1% de capturas. En Cangas a especie máis vendida é o Percebe, representando o 34,3% aínda que simplemente se corresponde co 4,2% das capturas, seguelle moi de cerca nesta lonxa a venda de navallas que supón o 23,3% das vendas e o 12,3% das capturas. En Pescados Touza de Marín, a especie máis vendida é a xuliana co 40% e o 21,3% das capturas. Na cooperativa San Miguel de Marín, a xuliana é a especie máis vendida representando 27,4% e o 8,6% das capturas, mentres que a especie máis capturada é a Xarda có 26,1%. A Ameixa Xaponesa é a especie máis vendida en Moaña e supón o 31,2% das vendas e o 36,6% das capturas. En Pontevedra o camarón común cun 54% é a especie máis vendida. A ameixa xaponesa supón o 57,6% das vendas en Vilaboa e representan o 60,7% das capturas.

Rexistro de Buques Pesqueiros do caladero nacional (Cantábico- Noreoste)

No territorio están rexistrados 653 buques no caladero cantábrico - Noroeste, dos que o 94% están adicados ás artes menores, o 4% a o arrastre e o 2% a o cerco. Ademais tamén conta con 147 barco dedicados a acuicultura ou como auxiliares.

Táboa. Rexistro de Buques Pesqueiros do caladero nacional (Cantábico – Noroeste).

LONXA	DESCRIPCIÓN	Nº BARCOS	POTENCIA CV
ALDÁN-HÍO	ARTES MENORES	38	872,5
BUEU	ARRASTRE	2	520
	ARTES MENORES	128	5.558,32
	CERCO	6	658
CAMPELO	ARTES MENORES	41	711,23
COMBARRO	ARTES MENORES	43	1.099,00
MARÍN	ARRASTRE	12	4.441,02

LONXA	DESCRIPCIÓN	Nº BARCOS	POTENCIA CV
	ARTES MENORES	36	705,5
	CERCO	1	160
PONTEVEDRA	ARRASTRE	12	4.441,02
	ARTES MENORES	36	705,5
	CERCO	1	160
RAXÓ	ARTES MENORES	10	196
	CERCO	1	40
CANGAS	ARTES MENORES	144	5.210,08
	CERCO	3	758
MOAÑA	ARTES MENORES	132	5.173,80
	CERCO	3	310
SAN ADRIÁN	ARTES MENORES	4	87
	Total	653	

Fonte: www.pescadegalicia.com

Se nos fixamos na pesca de altura o número de buques rexistrados é de 52, dos que 30 están dedicados a altura e 22 a gran altura.

Táboa. Rexistro de Buques Pesqueiros de altura e gran altura.


LONXA	DESCRIPCIÓN	Nº BARCOS	POTENCIA CV		
MARÍN	PESQUERIA INTERNACIONAL (Gran Altura)	ARRASTRE	CONGELADORES	4	5.818,00
			NAFO CONGELADORES	2	3.194,00
			PALANGRE SUPERFICIE	2	1.363,00
	PESQUERIA COMUNITARIA (Altura)	ARRASTRE	NEAFC ARRASTRE	11	5.289,00
			PORTUGAL	4	1.742,00
PONTEVEDRA	PESQUERIA INTERNACIONAL (Gran Altura)	ARRASTRE	CONGELADORES	4	5.818,00
			NAFO CONGELADORES	2	3.194,00
			PALANGRE SUPERFICIE	2	1.363,00
	PESQUERIA COMUNITARIA (Altura)	ARRASTRE	NEAFC ARRASTRE	11	5.289,00
		PORTUGAL	4	1.742,00	

LONXA	DESCRIPCIÓN		Nº BARCOS	POTENCIA CV	
CANGAS	PESQUERIA INTERNACIONAL (Gran Altura)	ARRASTRE	CONGELADORES	2	3.210,00
			NAFO CONGELADORES	4	5.230,60
			Total	52	

Fonte: www.pescadegalicia.com

Emprego en empresas de pesca.

A continuación preséntase unha gráfica coa evolución no número de traballadores en empresas con CNAE pesca, onde podemos observar unha tendencia a diminución do número de traballadores nos últimos anos en tódolos concellos con actividade pesqueira exceptuando Vilaboa.



Fonte: Consellería de Traballo. Instituto de Cualificacións.

Marcas ou produtos de Calidade

- PescadeRías ¿de onde se non?

Amparada baixo esta marca de calidade que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos puxo en marcha en marzo de 2008 se atopan as lonxas do territorio.

En concreto, unhas das primeiras lonxas auditadas e autorizadas para dar comezo á certificación dos seus produtos con “*pescadeRías*” foron **Vilaboa e Campelo**. A primeira, ameixa fina, babosa, xaponesa e rubia, así como berberecho e carneiro e a segunda, ameixa fina, babosa, bicuda e berberecho.

Así mesmo, tamén inician a súa andaina como usuarios da marca a depuradora **Mariscos Campelo de Poio**. As especies que poderán etiquetar son robaliza, percebe e ourizo; ameixa fina, babosa, xaponesa, rubia, berberecho e carneiro.

Os criterios que caracterizan aos recursos amparados baixo o distintivo “*pescadeRías*” son a orixe galega da pesca artesanal, un tempo de desembarco dende a captura non superior ás 24 horas e uns estándares de calidade.

- Mexillón de Galicia

No Consello Regulador Mexillón de Galicia constan como:

Procesadores no territorio:

PESCADOS MARCELINO, S.L. en Cangas

Depuradoras:

2 RIAS, S.L. Moaña

ASPROMECRUZ (Asociación de Produtores de Mejilloneros Cabo de Cruz) Beluso, Bueu

LUIS ROSALES, S.A. Moaña

MARES DE GALICIA, S.A. Marín

MARISCOS CAMPELO, S.A. Poio

MARISCOS RIA DE VIGO, S.L. Moaña

4.2.SECTOR SECUNDARIO

Como principal fonte de información para realizar o análise da estrutura empresarial e produtiva do sector secundario no conxunto dos municipios, empregaranse, os datos procedentes do I.G.E., así como os do anuario económico de La Caixa 2008.

O gran desenrolo industrial das Rías Baixas prodúcese ao redor de Vigo, onde se concentran a maior parte das actividades industriais relacionadas principalmente coa transformación de produtos metálicos, construción de barcos, empresas conserveiras, empresas de conxelados, etc., quedando relegado a un segundo plano o área de Pontevedra, onde os sectores de maior relevancia son a construción xunto coa industria forestal.

Distribución das actividades industriais por municipio


Como se pode observar na táboa que se inclúe a continuación, na que aparecen cuantificadas todas as empresas do sector secundario rexistradas no ano 2007, queda patente o maior dinamismo económico dos concellos costeiros fronte aos do interior.

Táboa. Porcentaxe de actividades industriais por municipios no 2007.

Concello	Industria	Construcción	Total	% Industria	% Construcción
Barro	36	54	90	3,71%	2,31%
Bueu	45	140	185	4,64%	6,00%
Campo Lameiro	12	24	36	1,24%	1,03%
Cangas	104	279	383	10,72%	11,95%
Cotobade	26	50	76	2,68%	2,14%
Lama, A	13	23	36	1,34%	0,99%
Marín	106	210	316	10,93%	8,99%
Moaña	104	240	344	10,72%	10,28%
Poio	68	198	266	7,01%	8,48%
Ponte Caldelas	32	62	94	3,30%	2,66%
Pontevedra	380	953	1.333	39,18%	40,81%

Concello	Industria	Construcción	Total	% Industria	% Construcción
Vilaboa	44	102	146	4,54%	4,37%

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais. (*)incluida a enerxía




Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais.

A vista dos datos da gráfica anterior pódese afirmar que a construción é a actividade que máis destaca representando o 71% no conxunto dos concellos, seguida da industria manufacturera representando o 29%.

Polígonos industriais do territorio.

A continuación se presenta o estado dos distintos parques empresariais do territorio e arredores.



Fonte: Consellería de Vivenda e Solo.

X: Esgotado. EX: En execución. TR: En trámite. EST: En estudio. OP: Operativo.

En Bueu aparece o de Castiñeiras que ten unha superficie total de 59.164 m² e 11 parcelas. En Cangas hai un en trámite en colaboración coa Zona Franca de Vigo denominado Parque Empresarial e Industrial do Morrazo e conta con 1.402.920 m². En Campo Lameiro o polígono industrial A Facha-Redonde ten 107.682 m². No Concello de Ponte Caldelas o polígono A Reigosa conta cunha superficie total de 493.096 m² e no Concello de Pontevedra hai dous polígonos industriais, o do Campiño con 343.291 m² e o da Granxa do Bao con 50.600 m².

4.3. SECTOR TERCIARIO


Como principal fonte de información para realizar o análise da estrutura empresarial e produtiva do sector terciario no conxunto dos municipios, empregaranse os datos procedentes do I.G.E., así coma, os do anuario económico de La Caixa 2008.

O sector terciario está composto por un total de 12.976 empresas (IGE 2007), que representan o 79,7% do total da actividade empresarial da zona. É polo tanto, o sector económico máis representativo do territorio.

Actividades do sector terciario.


A continuación se presenta datos en porcentaxe, das actividades do sector terciario por concellos con respecto o total do territorio. Como se pode observar Pontevedra conta con pouco máis da metade do territorio, seguido de Cangas, Marín e Poio.

Porcentaxe de actividades terciarias por concellos no 2007



Fonte: Elaboración propia a partires de datos da Consellería de Traballo. Instituto Galego de Cualificacións.

Se estudiamos a distribución das actividades do sector terciario, o comercio é a actividade do sector terciario que máis destaca en tódolos concellos, tal e como se aprecia na seguinte gráfica.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Traballo. Instituto Galego de Cualificacións.

Na táboa seguinte se indica o número de empresas con actividades enfocadas ao comercio, que se contabilizaron en cada un dos concellos no 2007 segundo o Anuario Estatístico de La Caixa 2008.

Táboa. Empresas dedicadas ao comercio no 2007

	Barro	Bueu	Campo Lameiro	Cangas	Cotobade	Lama (A)	Marín	Moaña	Poio	Ponte Caldelas	Pontevedra	Vilaboa
ACTIVIDADES COMERCIAIS MAIORISTAS	25	24	4	75	9	6	137	59	59	11	351	44
Materias primas agrarias; alim., bebidas e tabaco	11	14	1	43	2	4	94	28	28	8	114	23
Textiles, confec., calzado e art. coiro	1	0	0	1	0	0	2	4	4	0	19	1
Productos farmac; perfum. e mant. fogar	1	1	0	6	2	0	6	0	4	0	34	2
Comercio ao por maior de art. consumo	2	4	0	6	3	0	7	8	8	1	56	5

	Barro	Bueu	Campo Lameiro	Cangas	Cotobade	Lama (A)	Marín	Moaña	Poio	Ponte Caldelas	Pontevedra	Vilaboa
duradeiro												
Comercio ao por maior interindustrial	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1	15	1
Outro comercio ao por maior interindustrial	10	5	3	18	2	2	23	16	9	1	84	11
Outro comercio ao por maior non especificado	0	0	0	1	0	0	4	2	5	0	28	1
ACTIVIDADES COMERCIAIS MINORISTAS	64	384	27	674	46	36	535	343	219	147	2.291	184
Alimentación	29	183	9	261	20	22	198	116	61	58	631	28
Comercio tradicional	27	169	9	240	18	21	175	105	48	53	569	21
Supermercados	2	14	0	21	2	1	23	11	13	5	62	7
Total non alimentación	24	171	9	318	13	9	282	189	126	73	1.417	51
Vestido e calzado	4	38	2	85	1	2	70	36	22	11	408	2
Fogar	6	52	2	73	3	4	59	43	38	12	325	23
Resto non alimentación	14	80	5	161	9	3	153	110	65	50	685	27
Comercio mixto e outros	12	31	9	94	13	5	55	38	32	15	243	104
Hipermercados	0	0	0	1	1	0	0	0	2	0	3	0
Almacens populares	0	0	0	0	0	0	0	5	1	0	3	0
Ambulante e mercadillos	4	24	5	67	4	1	37	20	18	4	182	102
Outro comercio	8	7	4	26	8	4	18	13	11	11	55	2

Fonte: Anuario Económico La Caixa 2008.

O número de actividades comerciais minoristas rexistradas no territorio de estudo superan ás actividades maioristas, e supoñen o 86% do total do sector.

Tal e como se pode observar na táboa anterior, dentro das actividades maioristas, destaca sobre as demais o comercio de materias primas agrarias, de alimentación, bebidas e tabaco, cun 6% con respecto ao comercio total. Outro comercio ao por maior interindustrial é a actividade maiorista en importancia cun 3%.

Con respecto ás actividades minoristas, débese resaltar dentro do sector da alimentación a importancia do comercio tradicional fronte aos supermercados que só representan o 25% do total. En canto as actividades de non alimentación, os

comercios dedicados á vestido e calzado, fogar e resto de non alimentación, teñen un peso importante no territorio e supoñen o 47% do total. En canto ao comercio mixto e outros destaca a venda ambulante e mercadillos cun 8% do total.

Pontevedra acapara o 46% do comercio do territorio, seguido de Cangas co 13%, Marín co 12% Bueu e Moaña co 7% e Poio co 5%, isto volve a reflexar o maior dinamismo dos concellos de costa fronte aos do interior.